

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

CÉDULA do 16 de xullo de 2013, do Servizo de Mobilidade de Pontevedra, pola que se notifica unha resolución ditada en expediente sancionador en materia de transportes terrestres (expediente PO-02746-O-2012).

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícanse ás persoas que a seguir se relacionan as resolucións que o xefe territorial ditou nos expedientes sancionadores instruídos por infracción da normativa vixente dos transportes terrestres porque, intentada a notificación, non se puido efectuar.

Fáiselles saber que contra a dita resolución, que non é definitiva na vía administrativa, cabe recurso de alzada ante o director xeral de Mobilidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta cédula.

As sancións impostas foron aboadas anticipadamente cunha redución do 25 % do seu importe na forma prevista no artigo 146.3 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Para que conste e lles sirva de notificación aos interesados, asino e selo esta cédula.

Pontevedra, 16 de xullo de 2013

José Jorge Martínez Fernández
Xefe do Servizo de Mobilidade de Pontevedra





ANEXO

Expediente Matrícula Denunciante	Persoa sancionada DNI/CIF Último endereço coñecido	Infracción cometida Data-Hora-Estrada-p.q.	Precepto cualificador	Precepto sancionador	Sanción imposta
PO-02746-O-2012 2045-GZC Garda Civil 3603 V93728C	Camilo López Noceda 35322265S Perfecto Feijoo, 1-2 DC, 36002 Pontevedra (Pontevedra)	Realizar transporte público de mercadorías en vehículo lixeiro carecendo de autorización sempre que esta se solicitase, acreditando o cumprimento de todos os requisitos exixidos para o seu otorgamento, no prazo máximo de 15 días, contados desde a notificación do inicio do expediente sancionador. 1.10.2012; 11.20; PO330; 6	Art. 142.8 LOTT, art. 199.8 ROTT	Art. 143.1.b) LOTT, art. 201.1.b) ROTT	201 euros